

# MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**16046** *ORDE TAS/2943/2004, do 10 de setembro, pola que, no ámbito da formación continua, se distribúen territorialmente para o exercicio económico de 2004 fondos para o financiamento de contratos programa para a formación de traballadores e accións complementarias e de acompañamento á formación xestionados polas comunidades autónomas.* («BOE» 222, do 14-9-2004.)

O novo modelo de xestión do subsistema de formación continua introducido polo Real decreto 1046/2003, do 1 de agosto, un de cuxos principios fundamentais é a incorporación á xestión das comunidades autónomas, establece, respecto ao financiamento de contratos programa para a formación de traballadores e accións complementarias e de acompañamento á formación de ámbito territorial exclusivo dunha comunidade autónoma que serán de aplicación os mecanismos de distribución establecidos na Lei xeral orzamentaria.

Pola súa parte, tanto o vixente artigo 153 da Lei xeral orzamentaria, cuxo texto refundido foi aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, como o artigo 86.2 da nova Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, parcialmente en vigor desde o 1 de xaneiro de 2004, conforme establece a súa disposición derradeira quinta, establecen que a conferencia sectorial correspondente acordará os criterios obxectivos de distribución dos créditos de subvencións cuxa xestión corresponde ás comunidades autónomas e que os compromisos financeiros resultantes serán formalizados mediante acordo do Consello de Ministros.

Para tal efecto, a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, na reunión do día 29 de xullo de 2004, acordou os criterios obxectivos da distribución territorial para o exercicio 2004, así como a distribución resultante das subvencións correspondentes aos fondos de formación continua. O Consello de Ministros, na súa reunión do 10 de setembro, decidiu a súa formalización, polo que se debe proceder á distribución das cantidades asignadas a cada comunidade autónoma.

En consecuencia, dispúxese:

## Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto dar publicidade aos criterios obxectivos da distribución territorial de fondos destinados ao financiamento, no ámbito da formación continua, de contratos programa para a formación de traballadores e accións complementarias e de acompañamento á formación, que figuran no anexo I desta orde, no cal aparecen tamén as cantidades correspondentes a cada unha das comunidades autónomas.

## Artigo 2. *Xustificación.*

1. Finalizado o exercicio económico de 2004 e non máis tarde do 31 de marzo de 2005, as comunidades autónomas remitiranlle ao órgano correspondente do Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais un estado comprensivo dos compromisos de créditos, das obrigas recoñecidas e dos pagamentos realizados polas subvencións xestionadas, financiadas cos fondos do Estado asignados en 2004.

A execución das subvencións xestionadas polas comunidades autónomas, como compromisos de crédi-

tos, obrigas recoñecidas e pagamentos realizados, de conformidade coa súa lexislación orzamentaria de aplicación, imputaranse ao exercicio para o cal se distribuísen territorialmente tales subvencións.

Os documentos xustificativos axustaranse aos modelos que aparecen como anexos número II e serán asinados polo titular do centro xestor da subvención ou subvencións ao cal, se é o caso, dará a súa conformidade o interventor ou o responsable económico-financiero. Os documentos xustificativos deberanse acompañar dos soportes informáticos que se determinen na resolución correspondente.

2. Segundo o disposto no parágrafo primeiro do artigo 60 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, respecto dos programas operativos que se sinalan na disposición adicional primeira desta orde, obxecto de cofinanciamento polo Fondo Social Europeo, as comunidades autónomas asumirán a responsabilidade financeira derivada do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación comunitaria aplicable aos fondos estruturais da Unión Europea.

O Servizo Público de Emprego Estatal, titular dos créditos a que se refire o parágrafo anterior, acordará a suspensión dos libramentos destes ás comunidades autónomas titulares das competencias de execución, cando estas non acrediten, nos termos e prazos previstos na lexislación comunitaria, o cumprimento das condicións exixidas para a xustificación das axudas mediante a achega da información e a documentación relativas á xestión realizada.

Con obxecto da súa posible inclusión nas solicitudes de pagamento ao Fondo Social Europeo, segundo o disposto no Real decreto 683/2002, do 12 de xullo, as comunidades autónomas facilitaránlle ao Servizo Público de Emprego Estatal os datos e xustificantes que se determinen nas resolucións correspondentes nos prazos que, así mesmo, se establezan nelas.

3. Os remanentes de fondos resultantes ao finalizar cada exercicio que se encontren en poder das comunidades autónomas seguirán mantendo o destino específico para o cal foron transferidos e utilizaranse no seguinte exercicio, como situación de tesouraría na orixe, para a concesión de novas subvencións, tal como establece a regra quinta do artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

## Artigo 3. *Xestión dos fondos de formación continua.*

1. As comunidades autónomas poderán destinar até un máximo do 5 por cento do total da súa asignación territorial a financiar os gastos de xestión, avaliación e control dos contratos programa e accións complementarias e de acompañamento á formación. Estes gastos de xestión, avaliación e control non serán adicionais ao crédito total senón que forman parte del.

2. Co fin de ter un soporte que permita recoller adecuadamente a información necesaria dos programas operativos de «Iniciativa empresarial e formación continua», as comunidades autónomas deberán cubrir o anexo II.3, que recolle o desagregación da xustificación das accións de formación continua, obxecto de cofinanciamento polo Fondo Social Europeo e segundo os criterios de selección establecidos nos correspondentes complementos do programa.

Así mesmo, os responsables da xestión transferida ás comunidades autónomas xuntaránlle ao citado anexo o correspondente apoio identificativo do estado xustificativo, que incluírá a relación individualizada das operacións certificadas.

3. As comunidades autónomas proporcionaránlle ao Servizo Público de Emprego Estatal, na súa calidade de promotor dos programas operativos do Fondo Social

Europeo, toda a información necesaria para xustificar as accións formativas cofinanciadas polo citado fondo.

4. O servizo público de emprego estatal e as comunidades autónomas deberánlle proporcionar á Fundación Estatal para a Formación no Emprego os datos estatísticos necesarios da súa xestión, nos termos e condicións que se establezan no seo do seu padroado, co fin de que fiquen garantida a súa integración na estatística estatal.

Disposición adicional primeira.

De conformidade co disposto no artigo 2.2 desta orde e en cumprimento do establecido no parágrafo segundo do artigo 60 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, as cantidades asignadas ás comunidades autónomas están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, no marco dos programas operativos de «Iniciativa empresarial e formación continua» 2000ES051PO15 para rexións de obxectivo 1 e 2000ES053PO311 para rexións de obxectivo 3. Exceptúanse do cofinanciamento do Fondo Social Europeo os gastos de xestión a que se fai referencia no artigo 3, parágrafo primeiro.

No ámbito destes programas operativos serán cofinanciadas polo Fondo Social Europeo as seguintes accións de formación continua:

Contratos programa para a formación de traballadores (Orde TAS/2783/2004, do 30 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas mediante contratos programa para a formación de traballadores, en desenvolvemento do Real decreto 1046/2003, do 1 de agosto, que regula o subsistema de formación profesional continua) respecto da formación dirixida a traballadores de pequenas e medianas empresas, especialmente das de menos de 50 traballadores, ás mulleres, ás persoas con discapacidade, aos maiores de 45 anos e aos traballadores non cualificados, de acordo coas decisións da Comisión Europea que aproban os citados programas, correspondentes aos marcos comunitarios de apoio de España dos obxectivos 1 e 3 para o período 2000-2006.

Accións complementarias e de acompañamento á formación (Orde TAS/2782/2004, do 30 de xullo, que establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas á realización das accións complementarias e de acompañamento á formación en desenvolvemento do Real decreto 1046/2003, do 1 de agosto, que regula o subsistema de formación profesional continua).

Disposición adicional segunda.

En razón da xestión polas comunidades autónomas de accións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo a través dos fondos do Estado distribuídos para o presente exercicio económico, correspondentes aos programas operativos de titularidade do Servizo Público de Emprego Estatal «Iniciativa empresarial e formación continua», e co fin de posibilitar o cumprimento do disposto no artigo 8 do Regulamento (CE) 438/2001 da Comisión, do 2 de marzo de 2001, as comunidades autónomas remitirán, debidamente cuberto, coa periodicidade a que fai referencia o Regulamento (CE) 1681/1994 da Comisión, do 11 de xullo de 1994, á Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal (Subdirección Xeral de Xestión Económica e Orzamentaria), o anexo II.4 sobre información das irregularidades detectadas e recuperación de cantidades indebidamente aboadas correspondentes a subvencións, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, xestionadas polas comunidades autónomas.

Disposición adicional terceira.

As referencias que nesta orde se fan á Fundación Estatal para a Formación no Emprego, e en canto esta non se cons-

titúa, entenderanse realizadas á Fundación Tripartita para a Formación no Emprego.

Disposición adicional cuarta.

O disposto nesta orde non será de aplicación á Comunidade Autónoma do País Vasco e ás cidades de Ceuta e Melilla, cuxas distribucións de fondos, que figuran só de forma indicativa, seguirán sendo xestionadas polo Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición derradeira única.

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 10 de setembro de 2004.

CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

Subsecretaria e secretario xeral de Emprego, director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal e interventores delegados da IGAE neste ministerio e no Servizo Público Estatal.

## ANEXO I

### Fondos de formación continua destinados ao financiamento de contratos programa para a formación de traballadores e accións complementarias e de acompañamento á formación (competencias asumidas polas comunidades autónomas de programas xestionados polo Servizo Público de Emprego Estatal)

A XXIII Conferencia Sectorial para Asuntos Laborais acordou os criterios de repartición que se aplicarán aos fondos de formación continua que, no concepto 453 do orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal, aprobado pola Lei 61/2003, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2004, corresponden ás subvencións que xestionarán comunidades autónomas con competencias asumidas nesta materia.

O criterio que obxectivamente se aplica é a distribución proporcional á poboación ocupada, segundo os datos que figuran nas táboas anuais da Enquisa de poboación activa, correspondente ao ano 2003, unha vez eliminados da base os traballadores ocupados do sector público.

En aplicación deste criterio detallanse a seguir as contías que corresponden a cada comunidade autónoma en dous cadros; no primeiro recóllense as comunidades autónomas que teñen competencias de xestión asumidas en execución da lexislación laboral, e, no segundo, aqueles territorios onde estes fondos seguen sendo xestionados polo Servizo Público de Emprego Estatal. Os fondos están expresados en millares de euros.

#### DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DOS FONDOS

(En millares de euros)

A) Comunidades autónomas que teñen asumidas competencias de xestión en execución da lexislación laboral	Contratos Programa	Accións complementarias	Total
Andalucía .....	17.756,98	2.219,62	19.976,60
Aragón .....	3.506,22	438,28	3.944,50

A) Comunidades autónomas que teñen asumidas competencias de xestión en execución da lexislación laboral	Contratos Programa	Accións complementarias	Total
Asturias.....	2.716,19	339,52	3.055,71
Illes Balears .....	2.851,87	356,48	3.208,35
Canarias.....	5.355,09	669,39	6.024,48
Cantabria .....	1.544,01	193,00	1.737,01
Castilla y León .....	6.547,88	818,48	7.366,36
Castilla- La Mancha .....	4.642,34	580,29	5.222,63
Cataluña.....	21.820,52	2.727,57	24.548,09
Comunidad Valenciana ..	13.405,75	1.675,72	15.081,47
Extremadura.....	2.450,84	306,36	2.757,20
Galicia.....	7.908,97	988,62	8.897,59
Comunidad de Madrid...	16.593,39	2.074,17	18.667,56

A) Comunidades autónomas que teñen asumidas competencias de xestión en execución da lexislación laboral	Contratos Programa	Accións complementarias	Total
Región de Murcia .....	3.411,76	426,47	3.838,23
Comunidad Foral Navarra .....	1.783,60	222,95	2.006,55
La Rioja .....	833,83	104,23	938,06
Subtotal A) .....	113.129,24	14.141,15	127.270,39

B) Territorios en que os fondos seguen xestionados polo Servizo Público de Emprego Estatal	Contratos Programa	Accións complementarias	Total
País Vasco.....	6.648,35	831,05	7.479,40
Ceuta e Melilla .....	222,41	27,80	250,21
Subtotal B) .....	6.870,76	858,85	7.729,61
Total (A + B) .....	120.000,00	15.000,00	135.000,00

**ANEXO II****ANEXO II.1**

ESTADO XUSTIFICATIVO DA XESTIÓN DE SUBVENCIÓNS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2004

*(Artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria)**Importe en euros(\*)*

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ASIGNACIÓN (1)	COMPROMISOS DE CRÉDITOS (2)	OBRIGAS RECOÑECIDAS (3)	PAGAMENTOS REALIZADOS (4)	REMANENTES NON COMPROMETIDOS (1) – (2)
19.101.324-A.453					

Data:

Visto e prace: o interventor (\*\*)

O director

Selo:

Selo

Asinado:

Asinado:

(\*) Os importes consignaranse en euros, con dous decimais.

(\*\*) Se a comunidade autónoma, segundo a súa propia autoorganización administrativa, non dispón de intervención para a fiscalización da aplicación orzamentaria, a conformidade será prestada polo responsable económico-financieiro a que corresponda levar a contabilidade do centro xestor das subvencións.

**ANEXO II.2**ESTADO XUSTIFICATIVO DA XESTIÓN DE SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE FORMACIÓN CONTINUA (a)  
APLICACIÓN ORZAMENTARIA 19.101.324-A.453*Exercicio 2004-10-07**Importe en euros(\*)*

DENOMINACIÓN	ASIGNACIÓN (1)	COMPROMISOS DE CRÉDITOS (2)	OBRIGAS RECOÑECIDAS (3)	PAGAMENTOS REALIZADOS (4)	REMANENTES NON COMPROMETIDOS (1-2)	OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO (3-4)
Contratos programa						
Accións complementarias						
Gastos de xestión, avaliación e control						
TOTAL						

Lugar e data:

O director

Selo:

Asinado:

(\*) Os importes consignaranse en euros, con dous decimais

**ANEXO II.3**DESAGREGACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE ACCIÓNS DE FORMACIÓN CONTINUA COFINANCIADAS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO NO SEU  
PROGRAMA OPERATIVO*Exercicio 2004**Importe en euros(\*)*

DENOMINACIÓN	EXECUCIÓN ORZAMENTARIA GASTO EFECTIVO (**)
Contratos programa	
Accións complementarias	
Gastos de avaliación e control	
TOTAL	

Lugar e data:

O director

Selo:

Asinado:

(\*) Os importes consignaranse en euros, con dous decimais.

(\*\*) Gastos efectivamente realizados e pagos, antes do 31/12/04 polos organismos ou empresas públicas ou privadas implicados na execución das axudas e xustificadas mediante facturas ou documentos probatorios de valor equivalente. Exclúense os anticipos non xustificadas, que se deberán incluír no exercicio en que se liquide e xustifique o gasto. As facturas ou documentos probatorios de apoio serán custodiados polas unidades competentes das comunidades autónomas determinadas na correspondente pista de auditoría e conservaranse ao dispor da autoridade pagadora do FEE e das demais autoridades de control nacionais e comunitarias".

## ANEXO II.4

INFORMACIÓN SOBRE IRREGULARIDADES DETECTADAS E RECUPERACIÓN DE CANTIDADES ABOADAS INDEBIDAMENTE CORRESPONDENTES A SUBVENCIONS, COFINANCIADAS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO, XESTIONADAS POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE

---

DISPOSICIÓN REGULADORA: Regulamento (CE) nº 1681/1994 da Comisión, do 11 de xullo de 1994 (DOCE L 178, do 12-7-1994), declarado vixente no período de programación dos fondos estruturais 2000-2006, polo Regulamento (CE) nº 438/2001 da Comisión, do 2 de marzo de 2001 (DOCE L 63, do 3-3-2001)

TIPO DE SUBVENCIÓN:

BENEFICIARIO:

NIF:

IMPORTE EN EUROS DA SUBVENCIÓN PAGA, XUSTIFICADA E REVISADA:

ANO DE DECLARACIÓN E SOLICITUDE DE PAGAMENTO:

PROGRAMA OPERATIVO:

MEDIDA:

ACTUACIÓN:

ÓRGANO CONTROLADOR:

TIPO DE IRREGULARIDADE:

DATA DE SOLICITUDE DE EXIXENCIA DE REINTEGRO

CANTIDADE A REINTEGRAR (EN EUROS):

REINTEGROS PRODUCIDOS (EN EUROS):

DATA DOS REINTEGROS PRODUCIDOS:

SITUACIÓN DO EXPEDIENTE DE REINTEGRO:

En (localidade)

, (data da comunicación)

O DIRECTOR

*(ÓRGANO RESPONSABLE DA XESTIÓN DA SUBVENCIÓN)*

Asinado .....

NOTA: A información a que se refire este documento, de obrigada consignación para cada modalidade de subvención xestionada, será remitida á Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal (Subdirección Xeral de Xestión Económica e Orzamentaria) tan logo se modifique nalgún dos seus puntos ou haxa que incluír novos datos distintos aos anteriormente facilitados.

Os importes consignaranse en euros, con dous decimais